



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 445
15 de marzo de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

I 47222 - 33594 (10/PRE-011361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra, así como o incremento do número de postos de traballo dos ditos equipos [152836](#)

I 47295 - 38787 (10/PRE-011829)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da Rede galega de atención temperá, a súa opinión en relación coa suficiencia do grao de cobertura actual e as súas previsións referidas ao incremento da dotación orzamentaria destinada a ese fin, así como o prazo estimado para o desenvolvemento do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, de creación desa rede e as medidas que vai poñer en marcha co fin de reducir os trámites administrativos para a concesión desa prestación

[152839](#)

I 47497 - 40554 (10/PRE-012000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego das condicións nas que están a desenvolver o seu traballo os profesionais dos equipos de valoración da discapacidade do norte da provincia de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da reparación das carencias e deficiencias que presenta o edificio da Consellería de Sanidade onde se atopan

[152842](#)

I 47172 - 33398 (10/PRE-012214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o incremento do número de postos de traballo dos equipos de valoración e orientación da discapacidade en Galicia

[152845](#)

I 47171 - 33589 (10/PRE-012251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego dos seis novos equipos temporais para o EVO da provincia de Pontevedra

[152847](#)

I 47436 - 33908 (10/PRE-012292)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia [152849](#)

I 47085 - 33928 (10/PRE-012302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a previsión da construción da residencia de maiores de Ourense [152852](#)

I 47427 - 34815 (10/PRE-012465)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o anuncio feito pola Xunta de Galicia de creación dun bono para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública [152855](#)

I 47500 - 35423 (10/PRE-012510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non dotar de xeito permanente a provincia de Pontevedra dos equipos de valoración e orientación da discapacidade precisos para solucionar o problema estrutural existente de falta de persoal [152858](#)

I 47426 - 35845 (10/PRE-012572)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia en Galicia dun verdadeiro sistema de atención á dependencia [152861](#)

I 47168 - 37289 (10/PRE-012726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da correspondencia co obxectivo noveno reflectido no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 dos datos referidos a Galicia, publicados polo Instituto Nacional de Estatística, en materia de natalidade e fecundidade para o ano 2017 [152864](#)

I 47298 - 38333 (10/PRE-012820)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para mellorar o desenvolvemento da atención temperá en Galicia [152870](#)

I 47297 - 38783 (10/PRE-012860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da Rede galega de atención temperá [152873](#)



I 47223 - 33591 (10/PRE-013608)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra, así como o incremento do número de postos de traballo dos ditos equipos

[152876](#)**I 47170 - 33671 (10/PRE-013613)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dos centros residenciais de maiores e dependentes en Galicia

[152879](#)**I 47086 - 33779 (10/PRE-013619)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a convocatoria para a creación das casas do maior

[152883](#)**I 47437 - 33909 (10/PRE-013634)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia

[152888](#)**I 47084 - 33929 (10/PRE-013639)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre a previsión da construción da residencia de maiores de Ourense

[152891](#)**I 47473 - 34780 (10/PRE-013682)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a posibilidade de renunciar á valoración dos factores sociais no procedemento de valoración do grao de discapacidade en Galicia

[152894](#)**I 47169 - 35227 (10/PRE-013690)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión

[152896](#)**I 47095 - 38338 (10/PRE-013808)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as razóns da demora existente na resolución das solicitudes da axuda da Tarxeta Benvida, as previsións do Goberno galego respecto da autorización do uso desta tarxeta no comercio elec-



trónico e o prazo estimado para solucionar as dificultades de acceso a ela que padecen as persoas inmigrantes en situación de irregularidade administrativa [152898](#)

I 47296 - 38785 (10/PRE-013818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da Rede galega de atención temperá, a súa opinión en relación coa suficiencia do grao de cobertura actual e as súas previsións referidas ao incremento da dotación orzamentaria destinada a ese fin, así como o prazo estimado para o desenvolvemento do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, de creación desa rede e as medidas que vai poñer en marcha co fin de reducir os trámites administrativos para a concesión desa prestación [152901](#)

I 47415 - 40553 (10/PRE-013844)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego das condicións nas que están a desenvolver o seu traballo os profesionais dos equipos de valoración da discapacidade do norte da provincia de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da reparación das carencias e deficiencias que presenta o edificio da Consellería de Sanidade onde se atopan [152904](#)

I 47425 - 41675 (10/PRE-013876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa porcentaxe de poboación potencialmente dependente atendida na actualidade en Galicia, as súas razóns para reducir o gasto por persoa dependente nos últimos anos e as súas previsións respecto do seu incremento na X lexislatura [152908](#)

I 47499 - 39279 (10/PRE-014196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o mantemento na actualidade por parte da Xunta de Galicia da titularidade da rúa do Progreso, de Ourense, a avaliación co Concello da posibilidade da súa cesión e os datos referidos aos convenios asinados con este ao respecto, así como os acordos establecidos para a instalación de mobiliario municipal [152912](#)

I 47167 - 43249 (10/PRE-014274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á autorización da oferta da matrícula para o curso 2019-2020 na escola unitaria de Pedroso, no Colexio Rural Agrupado de Narón, así como a asunción do compromiso da súa reapertura se hai matrícula suficiente [152915](#)

I 47479 - 44810 (10/PRE-014421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis



Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de ampliar o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día e o prazo previsto para ese fin [152917](#)

I 47478 - 44857 (10/PRE-014426)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a situación dos proxectos de construción do centro de saúde de Aldán-O Hío e dun centro de alta resolución no concello de Cangas [152920](#)

I 47477 - 44893 (10/PRE-014433)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os servizos que se van incluír no proxecto de creación dun centro integral de saúde anunciado para o concello de Lalín e a consignación do orzamento necesario para a súa construción, así como os prazos de licitación e remate do proxecto [152922](#)

I 47221 - 45037 (10/PRE-014448)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as medidas que está levando a cabo a Consellería de Sanidade no relativo ao cumprimento do Plan integral de asistencia ás mulleres e a garantir os seus dereitos sexuais e reprodutivos [152924](#)

I 47476 - 45311 (10/PRE-014467)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a composición do grupo de traballo constituído polo Sergas para a detección temperá da violencia de xénero, as medidas previstas para ese fin e a realización dalgunha avaliación respecto da implantación en todas ás áreas sanitarias do protocolo de actuación ante casos de violencia de xénero [152926](#)

I 47475 - 45358 (10/PRE-014471)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para a recuperación das 35 horas semanais na atención pediátrica de Zas [152928](#)

I 47474 - 45532 (10/PRE-014488)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [152930](#)

I 47224 - 45586 (10/PRE-014491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da atención primaria na Mariña lucense, así como as actuacións previstas para a súa mellora [152933](#)

I 47424 - 45764 (10/PRE-014511)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación no Centro de Saúde de Mugardos, as previsións respecto á adopción de medidas para solucionar, así como a valoración da calidade asistencial e as condicións de traballo [152935](#)

I 47423 - 45807 (10/PRE-014517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto das deficiencias e carencias denunciadas polo persoal do PAC e Centro de Saúde de Chantada en relación co material sanitario, o equipamento e as instalacións do centro [152937](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. 3Unión Europea

I Resolución da Presidencia, do 12 de marzo de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 1313/2013/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa a un Mecanismo de Protección Civil da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 125 final] [2019/0070 (COD)]

-10/UECS-000276 (47603)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 1313/2013/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa a un Mecanismo de Protección Civil da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 125 final] [2019/0070 (COD)] [152940](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 11 de marzo de 2019, de concesión da Medalla do Parlamento de Galicia de 2019 [152832](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 11 de marzo de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 47222 - 33594 (10/PRE-011361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra, así como o incremento do número de postos de traballo dos ditos equipos

- 47295 - 38787 (10/PRE-011829)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da Rede galega de atención temperá, a súa opinión en relación coa suficiencia do grao de cobertura actual e as súas previsións referidas ao incremento da dotación orzamentaria destinada a ese fin, así como o prazo estimado para o desenvolvemento do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, de creación desa rede e as medidas que vai poñer en marcha co fin de reducir os trámites administrativos para a concesión desa prestación

- 47497 - 40554 (10/PRE-012000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego das condicións nas que están a desenvolver o seu traballo os profesionais dos equipos de valoración da discapacidade do norte da provincia de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da reparación das carencias e deficiencias que presenta o edificio da Consellería de Sanidade onde se atopan

- 47172 - 33398 (10/PRE-012214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o incremento do número de postos de traballo dos equipos de valoración e orientación da discapacidade en Galicia

- 47171 - 33589 (10/PRE-012251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego dos seis novos equipos temporais para o EVO da provincia de Pontevedra



- 47436 - 33908 (10/PRE-012292)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia

- 47085 - 33928 (10/PRE-012302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a previsión da construción da residencia de maiores de Ourense

- 47427 - 34815 (10/PRE-012465)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o anuncio feito pola Xunta de Galicia de creación dun bono para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública

- 47500 - 35423 (10/PRE-012510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non dotar de xeito permanente a provincia de Pontevedra dos equipos de valoración e orientación da discapacidade precisos para solucionar o problema estrutural existente de falta de persoal

- 47426 - 35845 (10/PRE-012572)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia en Galicia dun verdadeiro sistema de atención á dependencia

- 47168 - 37289 (10/PRE-012726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da correspondencia co obxectivo noveno reflectido no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 dos datos referidos a Galicia, publicados polo Instituto Nacional de Estatística, en materia de natalidade e fecundidade para o ano 2017

- 47298 - 38333 (10/PRE-012820)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para mellorar o desenvolvemento da atención temperá en Galicia

- 47297 - 38783 (10/PRE-012860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da Rede galega de atención temperá

- 47223 - 33591 (10/PRE-013608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra, así como o incremento do número de postos de traballo dos ditos equipos

- 47170 - 33671 (10/PRE-013613)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dos centros residenciais de maiores e dependentes en Galicia

- 47086 - 33779 (10/PRE-013619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a convocatoria para a creación das casas do maior

- 47437 - 33909 (10/PRE-013634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia

- 47084 - 33929 (10/PRE-013639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a previsión da construción da residencia de maiores de Ourense

- 47473 - 34780 (10/PRE-013682)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a posibilidade de renunciar á valoración dos factores sociais no procedemento de valoración do grao de discapacidade en Galicia

- 47169 - 35227 (10/PRE-013690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión

- 47095 - 38338 (10/PRE-013808)

Grupo Parlamentario de En Marea



Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da demora existente na resolución das solicitudes da axuda da Tarxeta Benvida, as previsións do Goberno galego respecto da autorización do uso desta tarxeta no comercio electrónico e o prazo estimado para solucionar as dificultades de acceso a ela que padecen as persoas inmigrantes en situación de irregularidade administrativa

- 47296 - 38785 (10/PRE-013818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da Rede galega de atención temperá, a súa opinión en relación coa suficiencia do grao de cobertura actual e as súas previsións referidas ao incremento da dotación orzamentaria destinada a ese fin, así como o prazo estimado para o desenvolvemento do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, de creación desa rede e as medidas que vai poñer en marcha co fin de reducir os trámites administrativos para a concesión desa prestación

- 47415 - 40553 (10/PRE-013844)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego das condicións nas que están a desenvolver o seu traballo os profesionais dos equipos de valoración da discapacidade do norte da provincia de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da reparación das carencias e deficiencias que presenta o edificio da Consellería de Sanidade onde se atopan

- 47425 - 41675 (10/PRE-013876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa porcentaxe de poboación potencialmente dependente atendida na actualidade en Galicia, as súas razóns para reducir o gasto por persoa dependente nos últimos anos e as súas previsións respecto do seu incremento na X lexislatura

- 47499 - 39279 (10/PRE-014196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o mantemento na actualidade por parte da Xunta de Galicia da titularidade da rúa do Progreso, de Ourense, a avaliación co Concello da posibilidade da súa cesión e os datos referidos aos convenios asinados con este ao respecto, así como os acordos establecidos para a instalación de mobiliario municipal

- 47167 - 43249 (10/PRE-014274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á autorización da oferta da matrícula para o curso 2019-2020 na escola unitaria de Pedroso, no Colexio Rural Agrupado de Narón, así como a asunción do compromiso da súa reapertura se hai matrícula suficiente



- 47479 - 44810 (10/PRE-014421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de ampliar o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día e o prazo previsto para ese fin

- 47478 - 44857 (10/PRE-014426)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a situación dos proxectos de construción do centro de saúde de Aldán-O Hío e dun centro de alta resolución no concello de Cangas

- 47477 - 44893 (10/PRE-014433)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os servizos que se van incluír no proxecto de creación dun centro integral de saúde anunciado para o concello de Lalín e a consignación do orzamento necesario para a súa construción, así como os prazos de licitación e remate do proxecto

- 47221 - 45037 (10/PRE-014448)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as medidas que está levando a cabo a Consellería de Sanidade no relativo ao cumprimento do Plan integral de asistencia ás mulleres e a garantir os seus dereitos sexuais e reprodutivos

- 47476 - 45311 (10/PRE-014467)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a composición do grupo de traballo constituído polo Sergas para a detección temperá da violencia de xénero, as medidas previstas para ese fin e a realización dalgunha avaliación respecto da implantación en todas ás áreas sanitarias do protocolo de actuación ante casos de violencia de xénero

- 47475 - 45358 (10/PRE-014471)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para a recuperación das 35 horas semanais na atención pediátrica de Zas

- 47474 - 45532 (10/PRE-014488)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 47224 - 45586 (10/PRE-014491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da atención primaria na Mariña lucense, así como as actuacións previstas para a súa mellora

- 47424 - 45764 (10/PRE-014511)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación no Centro de Saúde de Mugardos, as previsións respecto á adopción de medidas para solucionarlas, así como a valoración da calidade asistencial e as condicións de traballo

- 47423 - 45807 (10/PRE-014517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto das deficiencias e carencias denunciadas polo persoal do PAC e Centro de Saúde de Chantada en relación co material sanitario, o equipamento e as instalacións do centro

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 12 de marzo de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 1313/2013/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa a un Mecanismo de Protección Civil da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 125 final] [2019/0070 (COD)]

-10/UECS-000276 (47603)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 1313/2013/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa a un Mecanismo de Protección Civil da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 125 final] [2019/0070 (COD)].

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 47603, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 1313/2013/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa a un Mecanismo de Protección Civil da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 125 final] [2019/0070 (COD)].



Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o escrito referido á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 11 de marzo de 2019, de concesión da Medalla do Parlamento de Galicia de 2019

O Regulamento das distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia establece que a Mesa do Parlamento de Galicia poderá conceder a Medalla do Parlamento de Galicia a aquelas institucións ou persoas físicas ou xurídicas que, téndose distinguido ao servizo á Comunidade Autónoma de Galicia, se fagan merecentes da consideración honorífica dos representantes lexítimos do pobo galego, así como ás institucións, autoridades e personalidades que, pola súa especial relación ou vínculo co Parlamento de Galicia, ou por motivos de reciprocidade ou de cortesía, se fagan merecentes dela.

A concesión da Medalla do Parlamento de Galicia efectuarase cada ano nunha soa ocasión, coincidindo co 6 de abril, aniversario da aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia.



Ao abeiro do establecido no artigo 11 do Regulamento das distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia, a Presidencia da Cámara proponlle á Mesa do Parlamento de Galicia a concesión da Medalla do Parlamento de Galicia 2019 á emigración galega no seu conxunto.

Aínda que a emigración foi un fenómeno moi estendido en Europa, acadou en Galicia unha enorme magnitude, ata o punto de que as taxas migratorias de Galicia tan só foron superadas polas de Irlanda.

Trátase dun fenómeno complexo, de múltiples causas —económicas, fundamentalmente, máis tamén doutros tipos— e con consecuencias múltiples en todos os ámbitos.

Durante moito tempo, na práctica, a xente da Galicia rural só tiña ao seu alcance dúas opcións de futuro: a emigración ou dedicarse á agricultura e á gandaría de subsistencia, cando a presión demográfica o permitía.

Para ben ou para mal, a historia contemporánea de Galicia non se entende sen a emigración, que deixou pegadas en practicamente todos os ámbitos: na economía, nas artes plásticas e nas letras, na educación ou en tantos outros.

Desde a emigración chegaron a Galicia remesas económicas coas que paliar penurias, na emigración floreceron a lingua e a cultura galegas, editáronse libros, impulsouse a construción de escolas, estreouse o Himno de Galicia, mantívose aceso o espírito democrático,...

A Galicia territorial está en débeda con todas as galegas e galegos que nalgún momento das súas vidas, no pasado recente ou remoto, transitaron polo camiño da emigración, ben cara a destinos de ultramar ben a Europa ou a diferentes puntos da península Ibérica.

O apego á terra que os centos de milleiros de galegos que aínda residen no exterior senten desde o primeiro día que deixaron Galicia, lonxe de diminuír, medrou co paso do tempo, e este vínculo coas súas raíces ten vertentes tanto sociais como económicas e culturais. A promoción que os galegos que viven fóra das nosas fronteiras fan diariamente dos nosos costumes, das nosas raíces e da nosa realidade social e empresarial constitúe un dos maiores activos que ten Galicia no estranxeiro. A visibilidade que lle outorgan á súa terra de orixe sitúa Galicia no mapa do mundo cunha intensidade e un realismo difícil de acadar sen o altruísmo e a honestidade que lle imprime a nosa diáspora.

Mesmo agora os galegos do exterior están a representar de novo un papel fundamental no presente de Galicia, desta volta co seu retorno. A comunidade ten na diáspora espallada por todo o mundo un aliado chave á hora de superar o complexo reto demográfico ao que se enfrontan moitas rexións de España. Converter a nosa terra nun destino de oportunidades para todos os galegos que viven fóra das nosas fronteiras está a ser posible grazas á colaboración tanto dos que xa volveron como dos que traballan cada día por manter máis vivos ca nunca os lazos de Galicia coa súa diáspora.

Resulta de xustiza, xa que logo, que a distinción institucional que cada ano concede o Parlamento de Galicia recoñeza a grande epopea migratoria do pobo galega, que tivo como protagonistas centos de milleiros de homes, mulleres e nenos que atravesaron medio mundo na procura dun futuro mellor, buscaron a integración social nun ambiente moitas veces hostil e sempre descoñecido, e



traballaron sen desmaio mantendo sempre viva a memoria da súa Galicia natal, que cultivan e transmiten con mimo de xeración en xeración.

A Medalla do Parlamento de Galicia 2019 será entregada ás entidades que integran a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, órgano que asume as funcións do Pleno do Consello de Comunidades Galegas cando este non estea reunido (reúnese cada tres anos). O Consello de Comunidades Galegas é o órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e desempeña funcións consultivas e de asesoramento á Administración autonómica en materia de emigración e galegitude. Foi creado pola Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, aprobada polo Parlamento de Galicia.

A elección da composición da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas correspóndelle ao Consello de Comunidades Galegas, conforme o procedemento establecido pola Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e sen intervención da Administración pública. Estímase, á vista destas razóns, que a Medalla do Parlamento de Galicia 2019 á emigración galega debe ser entregada ás entidades que integran a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas:

A) Electas:

a) Catro comunidades galegas en representación das asentadas nas comunidades autónomas de España:

- *Unión de Asociacións Galegas en Catalunya* (UAGALCAT).
- *Centro Gallego de Salamanca*.
- *Agrupación Hijos de Galicia en Sestao*.
- *Lar Gallego de Sevilla*.

b) Catro comunidades galegas en representación das asentadas fóra de España en países de Europa, África e Asia:

- *Xuventude de Galiza, Centro Gallego de Lisboa* (Portugal).
- *Centro Cultural Gallego de Cuxhaven e. V.* (Alemaña).
- *Centro Galego de Londres* (Reino Unido).
- *Asociación Cultural ASC-«As Xeitosiñas», Grupo de Baile e Banda de Gaitas de Zürich* (Suíza).

c) Catro comunidades galegas en representación das asentadas en países de América e Oceanía:

- *Unidad Gallega de los EE. UU. de América INC (Casa de Galicia)* (Estados Unidos).
- *Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo* (Uruguai).
- *Asociación Civil Hijos del Ayuntamiento de Zas* (Arxentina).
- *Sociedad Cultural Rosalía de Castro* (Cuba).

B) Natos:

Un representante por cada comunidade galega inscrita no Rexistro da Galegitude que teña máis de 20.000 socios galegos:



- *Casa de Galicia de Montevideo* (Uruguai).
- *Hermanidad Gallega de Venezuela* (Venezuela).

Vista a proposta da Presidencia da Cámara.

Visto o disposto nos artigos 8 a 15 do Regulamento das distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia.

A Mesa, por unanimidade, adopta o seguinte ACORDO:

Concederlle a Medalla do Parlamento de Galicia 2019 á emigración galega a través dos 14 centros e entidades que integran a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, como lexítimos representantes do conxunto da emigración galega de todos os tempos.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 33594** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o impulso pola Xunta de Galicia para a creación de novos equipos de valoración e orientación de discapacidade na provincia de Pontevedra, así como o incremento do número de postos de traballo dos ditos equipos”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social valora de xeito moi positivo o traballo desenvolto polos dez equipos de valoración creados ‘ex novo’ para a provincia de Pontevedra, xa que se o seu excelente rendemento permitiu paliar en gran medida a demora existente na valoración dos expedientes de discapacidade.

E por iso polo que esta Consellería non pode compartir as afirmacións vertidas na parte expositiva da citada pregunta, xa que segundo ao noso entender non responden á realidade.

En relación coa segunda cuestión formulada, relativa á creación de novos equipos EVO definitivos para a provincia de Pontevedra, compre salientar que por parte da Consellería se están a introducir modificacións estruturais no sistema de valoración que, ao noso entender, permitirán sen dúbida conquistar melloras máis que substanciais no mesmo, o que redundará, entre outros aspectos, nunha maior axilidade na tramitación dos expedientes de valoración pendentes.

Despois de rematar a implantación destas novas medidas adoptadas e unha vez feita a oportuna valoración sobre os resultados da aplicación das mesmas, será o momento axeitado para decidir acerca da necesidade da creación destes novos equipos de xeito definitivo, xa que é preciso configurar estes conforme a demanda existente, debendo terse en conta ademais o gasto que significaría a creación dos mesmos de xeito definitivo.

No que se refire ao novo modelo de solicitude de valoración, a Consellería unicamente pode



levar a cabo unha valoración positiva da mesma, xa que non só resulta máis fácil de cumprimentar, senón que tamén permite que os/as usuarios/as non se vexan obrigados a aportar de novo documentación que xa obra en poder da Administración.

Finalmente, o convenio asinado cos profesionais do Sergas resultou ser un instrumento eficaz para solventar o atraso existente na tramitación das solicitudes de valoración, constatándose tamén mediante o correspondente estudio comparativo, como non podería ser doutro xeito, unha total unidade de criterios entre os utilizados polos profesionais do Sergas e os aplicados polos propios profesionais dos equipos de valoración da Consellería de Política Social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:54:10
Nº Rexistro: 47222
Data envío: 04/03/2019 13:54:10.635

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/03/2019 13:54:06

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **38787** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da Rede galega de Atención Temperá, a súa opinión en relación coa suficiencia do seu grado de cobertura actual e as súas previsións referidas ao incremento da dotación orzamentaria destinada a ese fin, así como o prazo estimado para o desenvolvemento do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, de creación desa rede e as medidas que vai pór en marcha para reducir os trámites administrativos para a concesión desa prestación”**, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os servizos de atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia están configurados como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal rexido polos principios reitores de igualdade, atención personalizada, diálogo e participación familiar, entre outros.

Integran a Rede galega de atención temperá creada polo Decreto 183/2013 todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, ben sexan xestionados de xeito directo ou indirectamente a través de entidades de iniciativa social.

Actualmente a Rede galega de atención temperá está composta por recursos a nivel municipal e no ámbito autonómico por recursos educativos, a través de equipos de orientación específicos (EOE) da Consellería de Educación e as unidades adscritas ao Sergas situadas dentro dos distintos complexos hospitalarios, así como as numerosas entidades subvencionadas por esta Consellería que prestan servizos desta tipoloxía.

Adicionalmente, a Consellería de Política Social promove a prestación deste tipo de servizos de atención temperá mediante o financiamento de dúas liñas de actuación. Por unha banda ás entidades locais da CA de Galicia e, por outra, ás entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade .



É importante sinalar que no exercicio orzamentario 2019, para subvencionar o funcionamento de unidades de atención temperá , esta Consellería destina un orzamento de 1.950.000 euros, o cal permitirá a consolidación das 16 unidades existentes na actualidade e a posta en marcha de novas unidades. Este orzamento representa un incremento do 17,67% con respecto ao destinado para esta finalidade na anualidade de 2018.

A Consellería de Política Social vai continuar ampliando o número de unidades de atención temperá dentro da Comunidade Autónoma, configurando este servizo como unha atención especializada e fomentando a accesibilidade na intervención, a través da creación de equipos itinerantes interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil, que garantan o acceso a servizos de atención temperá ás familias que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica.

Por outra banda, esta Consellería asume a simplificación dos procedementos e a redución das cargas administrativas para o cidadán como un obxectivo primordial e, nesta liña, continuase traballando cara a convocatoria do presente ano, ademais da implantación dun programa informático único para as distintas unidades de atención temperá.

En consecuencia, a Consellería de Política Social fai unha valoración moi positiva do funcionamento da Rede e aposta decididamente por melloralala e ampliála, tal e como o acredita o aumento orzamentario consignado para este exercicio.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47295
Data envío: 05/03/2019 14:26:07.276

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/03/2019 14:25:51

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40554**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego das condicións nas que están a desenvolver o seu traballo as persoas profesionais dos equipos de valoración da discapacidade do norte da provincia de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da reparación das carencias e deficiencias que presenta o edificio da Consellería de Sanidade onde se atopan”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Equipo de Valoración e Orientación de Pontevedra está situado dende hai anos no edificio administrativo da Avda. de Vigo, 16 (planta baixa).

Trátase do antigo edificio de Sanidade en Pontevedra pero na actualidade é un inmovible pertencente á Patrimonio da Xunta de Galicia que comparten distintas consellerías e organismos.

Precisamente debido a esta situación confusa sobre a titularidade e especialmente sobre o mantemento e os gastos que xera, o pasado ano 2018, levouse a cabo unha reunión entre as diversas Administracións con dependencias neste edificio para subscribir un acordo conxunto sobre o reparto dos gastos.

Toda vez que o SERGAS (EOXI de PONTEVEDRA) ten a maior porcentaxe de participación no edificio, acordouse que sería este organismo o encargado do mantemento do mesmo, repercutindo logo a cada un dos outros escribentes a súa cota correspondente.

Por parte da Consellería de Vicepresidencia, levouse a cabo o cambio das caldeiras de gasóleo por outra de gas. Nese edificio non hai problemas co sistema de calefacción, nin antes coa caldeira de gasóleo nin hoxe en día coa de gas.

Dende o pasado mes de xaneiro entrou en funcionamento o ascensor que comunica as tres plantas do edificio, aínda que as instalacións do EVO están situadas na planta baixa.



A limpeza é un dos servizos que depende do SERGAS e efectivamente hai queixas por parte do persoal do EVO, aínda que as instalacións están en perfectas condicións de uso.

En canto ao mobiliario propio do EVO, a xefatura territorial de Política Social faise cargo do mesmo, sempre que as posibilidades orzamentarias no capítulo VI o permitan. Gran parte do mobiliario está renovado cunha antigüidade inferior aos 10-15 anos, e este mesmo ano foron renovadas 4 cadeiras do persoal, estando prevista outra renovación parcial ao longo do 2019.

No ano 2017 realizouse unha renovación da iluminación do espazo exterior, especialmente na zona onde se sitúa o PEF que presta servizo os fins de semana.

O edificio dispón de acceso adaptado para cadeiras de rodas.

No ano 2017, levouse a cabo dende a xefatura territorial a reforma dos servizos do EVO.

No ano 2017 reforzouse o espazo do arquivo coa adquisición de novos andeis, utilizando o espazo que deixou valeiro recentemente a Consellería de Facenda.

No ano 2017 modernizouse o sistema de iluminación dos arquivos instalando temporizadores co fin de reducir o consumo eléctrico.

En relación ás cadeiras de rodas, trátase de cadeiras de rodas cedidas polo SERGAS. Neste momento hai dúas, unha das cales detectouse que era bastante antiga e estaba deteriorada. Falado co SERGAS, renovou as dúas cadeiras por outras en perfectas condicións de uso.

A principios do ano 2018 propúxose ao persoal destas dependencias o traslado ao local situado na rúa Cruz Vermella, onde estaba antigamente o EVO. Este cambio foi rexeitado polo persoal ao considerar que non cumpría coas necesidades do servizo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2019 11:21:43
Nº Rexistro: 47497
Data envío: 08/03/2019 11:21:43.464

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/03/2019 11:21:19

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33398**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o prazo previsto polo Goberno galego para o incremento do número de postos de traballo dos equipos de valoración e orientación da discapacidade en Galicia**”, (publicada no BOPG número 338 do 19 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre aclarar que o Goberno galego leva sendo consciente desde fai anos da necesidade de atender con maior celeridade a numerosa demanda de valoracións de discapacidade.

En consecuencia, a Consellería de Política Social, como departamento encargado de tal competencia, puxo en marcha distintas iniciativas, nalgúns casos xa implementadas, estando outras en fase de execución, o que está a permitir mellorar de xeito substancial a citada atención e a reducir en gran medida o tempo de demora existente entre a solicitude de valoración e a efectiva realización desta e, polo tanto, as listas de espera.

Entre estas medidas, incrementouse desde o mes de xuño de 2018 o número de postos de traballo nos equipos de valoración existentes nas sete grandes cidades do noso territorio e por iso, a previsión á que se refire a pregunta non é tal, senón que xa é unha realidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47172
Data envío: 04/03/2019 09:20:48.372

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/03/2019 9:20:45

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33589**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego dos 6 novos equipos temporais para o EVO da provincia de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O traballo desenvolto por tales equipos resultou moi positivo.

Deste xeito, o seu labor permitiu realizar a valoración de seis mil expedientes, contribuíndo así avanzar no obxectivo perseguido por esta Consellería: **conquerir rematar co retraso existente na valoración das discapacidades”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47171
Data envío: 04/03/2019 09:20:40.180

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/03/2019 9:20:36

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **33908**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**a valoración pola Xunta de Galicia da aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**”, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal é unha prioridade máxima na actuación do Goberno galego, sendo constante o esforzo realizado pola Xunta de Galicia para acadar unha cada vez máis e mellor atención ás persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade e que requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria. Este traballo continuado permitiu situar a Galicia nun lugar destacado dentro do conxunto de España, tendo unha das mellores proporcións entre prestacións/persoas en situación de dependencia, segundo datos oficiais publicados polo propio IMSERSO.

Así, o número de persoas dependentes atendidas cunha prestación ou cun servizo público pasou de 14.000 a finais do ano 2008 a máis de 60.000 a 31/12/2018, percibindo estas 70.220 prestacións, que se distribúen do seguinte xeito:

- Servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal: 4.758 prestacións (6,78%)
- Servizo de teleasistencia: 5.268 prestacións (7,50%)



- Servizo de axuda a domicilio: 23.309 prestacións (33,19 %)
- Centros de día/noite: 7. 173 prestacións (10.21%)
- Servizo de atención residencial: 8.516 prestacións (12,13%)
- Libranzas vinculados ao servizo: 8.132 prestacións (11,58%)
- Libranza para coidados no contorno familiar: 12.953 prestacións (18,45%)
- Libranza de asistencia persoal: 111 prestacións (0,16%)

En definitiva, aínda que a conxuntura socio-económico derivada da crise financeira vivida nos últimos anos non facilitou o desenvolvemento desexado, a Xunta de Galicia levou a cabo actuacións e esforzos orzamentarios para continuar traballando a favor das persoas en situación de dependencia co fin de promover a súa autonomía persoal.

De todos os xeitos, a Xunta de Galicia nin quere nin pode conformarse e, por conseguinte, continuará nos vindeiros anos traballando incansablemente por mellorar este sistema.

Nesta liña, a Xunta de Galicia promoverá para o presente ano (con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma) un incremento do 10% na libranza de coidados no contorno familiar, do 15% na libranza de asistencia persoal e aumentará nun 20% (para os graos I e III) e nun 75% (para o grao II) a libranza vinculada ao servizo de atención residencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:29:52
Nº Rexistro: 47436
Data envío: 07/03/2019 13:29:52.469

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2019 13:29:48

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 13:22:55
Nº Rexistro: 47085

Data envío: 28/02/2019 13:22:55.324

Data 28/02/2019 13:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33928**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a previsión da construción da residencia de maiores de Ourense**”, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña, se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas. Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



No caso de Ourense, acollerá unha residencia nas Lagoas. A ela destinaranse 6 millóns de euros para 120 novas prazas e permitirá crear 75 empregos.

A día de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten como data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 13:22:55
Nº Rexistro: 47085
Data envío: 28/02/2019 13:22:55.324

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2019 13:22:42

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **34815**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**o anuncio feito pola Xunta de Galicia de creación dun bono para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública**”, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Bono Autonomía en Residencia permitiu que un importante número de persoas en situación de dependencia recoñecida á espera dunha praza pública do servizo de atención residencial, coñecese e solicitase esta libranza vinculada a dito servizo.

A tal fin, enviáronse cartas explicativas a todas as persoas que estaban á espera de obter un recurso residencial público e non estaban percibindo ningún outro recurso do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Na referida carta indicábase a prestación económica a que terían dereito en función do seu grado recoñecido e da súa capacidade económica.

Do mesmo xeito, de cara a facilitar a solicitude da mesma, elaborouse e remitiuse un modelo simplificado de solicitude de revisión do PIA, que permitiu permanecer á espera do recurso público a aquelas persoas que así o solicitasen.



A tramitación desta revisión do PIA (Programa Individual de Atención) estableceuse nun prazo máximo de 45 días naturais, xa que constitúe algo determinante para que as persoas reciban a asistencia o antes posible, garantíndose ademais a dispoñibilidade orzamentaria suficiente para atender todas as solicitudes con carácter inmediato.

En virtude de todas estas consideracións, é evidente que o Bono Autonomía en residencia conta con melloras no procedemento de tramitación en relación coa libranza vinculada ao servizo de atención residencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:18:16
Nº Rexistro: 47427
Data envío: 07/03/2019 13:18:16.187

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2019 13:18:03

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35423**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non dotar de xeito permanente a provincia de Pontevedra dos equipos de valoración e orientación da discapacidade precisos para solucionar o problema estrutural existente de falta de persoal”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os 14 equipos creados mediante persoal contratado baixo a modalidade de acumulación de tarefas permitiron resolver gran cantidade de expedientes de valoración de discapacidade. Concretamente, os 6 de Pontevedra e 4 de Vigo resolveron 6000 expedientes pendentes.

Xunto coa creación destes novos equipos, leváronse a cabo reformas estruturais que xa están acadando moi bos resultados, agardando que estas se vexan implementadas na súa totalidade nos próximos meses. Tales medidas consisten, entre outras, na simplificación administrativa dos distintos trámites para mellorar a xestión das citas de valoración (como a posta en marcha da notificación e confirmación das citas a través das SMS para tratar de evitar o importante volume delas que actualmente son canceladas ou non presentadas). Paralelamente, abordarase a simplificación do procedemento e do modelo de solicitude, ao tempo que se impulsará a utilización e consulta da Historia Social Única.



En definitiva, a Consellería de Política Social agarda que estas medidas axilicen a tramitación dos expedientes de valoración de discapacidade pendentes. Por conseguinte, trala implantación das mesmas , avaliaremos o seu impacto para definir como seguir avanzando neste obxectivo prioritario para a Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2019 11:22:21
Nº Rexistro: 47500
Data envío: 08/03/2019 11:22:21.431

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/03/2019 11:22:17

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35845**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da existencia en Galicia dun verdadeiro sistema de atención á dependencia”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Calquera análise obxectivo, permite concluír non só que en Galicia existe un auténtico sistema de atención á dependencia, senón que este sitúase entre os máis completos de España e do mundo (recoñecendo así mesmo que, por suposto, existe marxe de mellorado dado que os recursos públicos non son ilimitados).

Para chegar a tal conclusión, basta analizar a evolución das persoas atendidas polo sistema na última década en Galicia. Así, o número de persoas dependentes atendidas cunha prestación ou cun servizo público pasou de 14.000 a finais do ano 2008 a máis de 60.000 a 31/12/2018, percibindo estas 70.220 prestacións, que se distribúen do seguinte xeito:

- Servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal: 4.758 prestacións (6,78%)
- Servizo de teleasistencia: 5.268 prestacións (7,50%)
- Servizo de axuda a domicilio: 23.309 prestacións (33,19 %)



- Centros de día/noite: 7. 173 prestacións (10.21%)
- Servizo de atención residencial: 8.516 prestacións (12,13%)
- Libranzas vinculados ao servizo: 8.132 prestacións (11,58%)
- Libranza para coidados no contorno familiar: 12.953 prestacións (18,45%)
- Libranza de asistencia persoal: 111 prestacións (0,16%)

Todo o sistema de atención á dependencia existente en Galicia foi deseñado coa idea fundamental de que as persoas dependentes gocen dun servizo de asistencia o máis profesionalizado posible e que este sexa prestado coa maior proximidade posible aos beneficiarios do mesmo (de xeito que poidan continuar no seu domicilio ou entorno habitual). Todo isto en liña coas recomendacións formuladas por expertos e organismos internacionais que defenden que dentro dos sistemas de atención deben priorizarse aqueles recursos que permitan facer efectiva esta opción.

Por ende, podemos concluír que Galicia conta cun sistema propio para a autonomía e atención á dependencia que, aínda que mellorable, permite situar a nosa CA dentro dos países máis avanzados neste eido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:17:59
Nº Rexistro: 47426
Data envío: 07/03/2019 13:17:59.061

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2019 13:17:50

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **37289**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez sobre, **“a opinión do Goberno galego respecto da correspondencia, co obxectivo noveno reflectido no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, dos datos referidos á Galicia publicados polo Instituto Nacional de Estatística en materia de natalidade e fecundidade para o ano 2017”**, (publicada no BOPG número 362 do 26 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación demográfica de Galicia, como tamén o é de que o resultado das políticas que está a desenvolver non serán visibles no curto prazo: son precisos anos para revertir os efectos dunha dinámica que se vén producindo dende hai máis de tres décadas.

Respecto dos datos publicados polo INE aos que aluden, temos que ter seriedade e rigor á hora de presentalos, de feito, por exemplo, recollen que 13 comunidades autónomas tiveron unha caída maior que a de Galicia no número de nacementos respecto do ano anterior. En números absolutos somos a 5ª Comunidade Autónoma en número de nacementos (18.413), soamente por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia. Galicia ten un mellor comportamento que a media nacional en canto á baixada do número de nacementos: un -3,4% fronte un -4,5% do conxunto de España.

Igualmente, á espera de comprobar o dato definitivo para 2017, cómpre sinalar que o índice sintético de fecundidade situouse en 2016 en 1,13 fillos/as por muller, o valor máis alto dende o ano 2009 e, coa excepción de 2014 no que se acadou o 1,14, tamén o máis alto do que vai de século.

Se ben é certo que Galicia rexistra o peor saldo vexetativo, isto obedece a que somos a Comunidade Autónoma que rexistra un maior envellecemento da poboación.

O Goberno galego está a actuar con responsabilidade e sentido de país na abordaxe do reto demográfico, recollido como tal xa en 2015 na planificación estratéxica da comunidade autónoma.



Neste sentido, xa nese mesmo ano puxo en marcha o Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia). Trátase dun plan de apoio integral ás familias estruturado en tres áreas: axudas, conciliación e servizos.

Forma parte del a Tarxeta Benvida, unha axuda económica para as familias destinada a apoiar os gastos derivados do nacemento, garda con fins adoptivos ou adopción dun neno ou nena. Con carácter xeral, a axuda ten unha contía de 1.200 euros, ampliándose para as familias con renda igual ou inferior a 22.000 € ata que o neno ou nena cumpra tres anos nas seguintes contías:

-600 €/ano, se é o primeiro fillo/a

-1.200 €/ano, se é o segundo fillo/a

-2.400 €/ano, se é o terceiro/a ou sucesivos/as

A día de hoxe lévanse concedido un total de 38.769 destas axudas.

Dentro da área de conciliación do PAN a Xunta de Galicia apostou forte por dotar de recursos asequibles e de calidade a todo o territorio, no convencemento de que unha política de conciliación axeitada contribúe significativamente a acadar obxectivos políticos fundamentais, en especial en canto a crecemento e emprego, integración social de grupos vulnerables e igualdade de xénero.

Por iso estamos a desenvolver medidas efectivas para que homes e mulleres equilibren as súas responsabilidades laborais e familiares e para que a maioría das mulleres galegas, incluídas as nais de fillos/as pequenos/as, poidan estar no mercado de traballo. Aválanos nesta decisión a experiencia comparada a nivel da Unión Europea, que sinala que estas medidas teñen efectos positivos nos índices de fecundidade, como ocorre nos países do Norte de Europa ou en Francia.

Deste xeito, a Xunta de Galicia veu traballando na consolidación, mellora e ampliación dos recursos de atención á infancia, incrementando o seu número e poñendo a disposición das familias un maior número de prazas. Neste curso 2018-2019 a rede de escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con recursos públicos acadará as 24.081 prazas, cifra que supón un incremento dun 6,8% en comparación co curso anterior, con 1.642 novas prazas.

Hoxe en día Galicia ten unha ratio de cobertura superior ao 41% dos nenos/as galegas de 0 a 3 anos, superando en máis de 8 puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea.

Ademais, a través de programas como o Bono Concilia conseguimos atender a todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos e que non exista lista de agarda.





Ao abeiro do PAN-CONCILIA iniciaron a súa andadura novas medidas e recursos que permitiron avanzar na posta a disposición das familias de solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación como a apertura de novas escolas infantís en contornos empresariais, ou a posta en marcha de casas niño nos concellos rurais de Galicia que por mor da súa escaseza de poboación carecían de recursos de conciliación. A día de hoxe funcionan 46 e está en fase de resolución unha convocatoria de axudas que permitirá poñer en funcionamento 15 máis. O noso obxectivo é que en 2020 todos os concellos de Galicia contén cun recurso de conciliación.

Este ano comezarán a funcionar 30 casas do maior, coas que outros tantos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes se dotarán deste recurso, que dará atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa.

Con estas iniciativas favorécese a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia, o que favorece a permanencia da poboación no territorio do territorio. Ao mesmo tempo póñense en valor certas cualificacións maiormente posuídas polas mulleres o que contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.

No desenvolvemento destes dous proxectos estanse a impulsar fórmulas de autoemprego e de economía social, que teñen demostrado ser eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio.

Tamén puxemos en marcha o Bono Coidado, unha achega económica ás familias para contribuír ao pagamento de servizos de atención a domicilio de nenas e nenos menores de 12 anos en supostos puntuais coa que pretendemos cubrir supostos de enfermidade tanto do neno ou nena como da persoa coidadora habitual ou situacións puntuais de carácter laboral ou de coidado que impidan á familia facerse cargo da súa atención.

Cómpre indicar por outra banda que esta dispoñibilidade de recursos constitúe un elemento fundamental das políticas activas de inclusión, dado que actúa como salvagarda fronte á exclusión social e prevé a pobreza infantil, ao permitir aumentar o acceso e permanencia dos dous proxenitores no mercado laboral.

Recentemente aprobamos o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021. Trátase dun firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado; así como da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoien as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia. Este Plan tamén avoga polo fomento de novas



formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tamén a Estratexia Retorna 2020, coa que tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través dunha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional.

Ou o Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Así mesmo, o goberno autonómico creou o Observatorio galego de dinamización demográfica, no que están representadas a Xunta de Galicia, a Administración do Estado, a Administración Local, as organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia, así como as presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas (CIG, UGT, CCOO e CSIF), a Confederación de Empresarios de Galicia, o Consello Económico e Social de Galicia, os grupos políticos con representación no Parlamento e as tres universidades galegas.

A creación deste foro plural parte do convencemento de que revertir a actual situación demográfica debe ser un obxectivo común de toda a sociedade e de que cómpre ter unha política de actuación o máis consensuada posible, con continuidade no tempo.

O primeiro traballo do Observatorio foi a realización dunha diagnose da situación de Galicia dende o punto de vista demográfico. O resultado del é o documento titulado Informe Galicia: perspectivas demográficas, que foi informado favorablemente por unanimidade do pleno do Observatorio o 16 de xullo de 2018.

O seguinte paso do Observatorio foi avanzar no establecemento de liñas estratéxicas de acción ante o cambio demográfico que está a vivir Galicia, levando a cabo unha análise DAFO-CAME que tamén foi informada favorablemente por unanimidade do pleno do Observatorio o 19 de decembro de 2018.

Estas liñas están a ser consideradas na lei de impulso demográfico que actualmente está elaborando o executivo autonómico e igualmente serán tidos en conta na normativa e instrumentos de planificación que a desenvolvan.

Esta norma atenderá a varios eixos que foron pactados como prioritarios:

- O envellecemento activo e saudable
- A creación de contornas sociais favorables para o libre desenvolvemento das familias





-A xeración de maiores oportunidades para a mocidade.

-O facer máis atractivo o medio rural para fixar poboación

-A promoción das condicións de vida necesarias para atraer nova poboación

Deste xeito a previsión é poder presentar a norma no Parlamento no primeiro período de sesións do ano 2019.

Noutra orde de cousas, este goberno seguirá reclamando unha Estratexia Nacional para o Cambio Demográfico e que se teñan en conta os criterios poboacionais no financiamento autonómico.

Así mesmo, a nivel europeo seguiremos demandando que os factores demográficos estean presentes no reparto de fondos no seo da Unión Europea.

O noso desexo en Galicia é seguir traballando de maneira coordinada co resto de administracións e axentes nesta cuestión; de tal xeito que se poidan sacar adiante medidas de alcance e que perduren no tempo, condición indispensable para xestionar con éxito o cambio demográfico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47168
Data envío: 04/03/2019 09:20:07.555

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/03/2019 9:19:48

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38333** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para mellorar o desenvolvemento da atención temperá en Galicia”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os servizos de atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia están configurados como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal rexido polos principios reitores de igualdade, atención personalizada, diálogo e participación familiar, entre outros.

Integran a Rede galega de atención temperá creada polo Decreto 183/2013 todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, ben sexan xestionados de xeito directo ou indirectamente a través de entidades de iniciativa social.

Actualmente a Rede galega de atención temperá está composta por recursos a nivel municipal e no ámbito autonómico por recursos educativos, a través de equipos de orientación específicos (EOE) da Consellería de Educación e as unidades adscritas ao Sergas situadas dentro dos distintos complexos hospitalarios, así como as numerosas entidades subvencionadas por esta Consellería que prestan servizos desta tipoloxía.

Adicionalmente, a Consellería de Política Social promove a prestación deste tipo de servizos de atención temperá mediante o financiamento de dúas liñas de actuación. Por unha banda ás entidades locais da CA de Galicia e, por outra, ás entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade .

É importante sinalar que no exercicio orzamentario 2019, para subvencionar o funcionamento de unidades de atención temperá , esta Consellería destina un orzamento de 1.950.000 euros, o cal permitirá a consolidación das 16 unidades existentes na actualidade e a posta en marcha



de novas unidades. Este orzamento representa un incremento do 17,67% con respecto ao destinado para esta finalidade na anualidade de 2018.

A Consellería de Política Social vai continuar ampliando o número de unidades de atención temperá dentro da Comunidade Autónoma, configurando este servizo como unha atención especializada e fomentando a accesibilidade na intervención, a través da creación de equipos itinerantes interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil, que garantan o acceso a servizos de atención temperá ás familias que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica.

Por outra banda, esta Consellería asume a simplificación dos procedementos e a redución das cargas administrativas para o cidadán como un obxectivo primordial e, nesta liña, continuase traballando cara a convocatoria do presente ano, ademais da implantación dun programa informático único para as distintas unidades de atención temperá.

En consecuencia, a Consellería de Política Social fai unha valoración moi positiva do funcionamento da Rede e aposta decididamente por melloralala e ampliála, tal e como o acredita o aumento orzamentario consignado para este exercicio.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47298
Data envío: 05/03/2019 14:26:52.843

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/03/2019 14:26:49

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38783** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da Rede galega de Atención Temperá”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os servizos de atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia están configurados como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal rexido polos principios reitores de igualdade, atención personalizada, diálogo e participación familiar, entre outros.

Integran a Rede galega de atención temperá creada polo Decreto 183/2013 todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, ben sexan xestionados de xeito directo ou indirectamente a través de entidades de iniciativa social.

Actualmente a Rede galega de atención temperá está composta por recursos a nivel municipal e no ámbito autonómico por recursos educativos, a través de equipos de orientación específicos (EOE) da Consellería de Educación e as unidades adscritas ao Sergas situadas dentro dos distintos complexos hospitalarios, así como as numerosas entidades subvencionadas por esta Consellería que prestan servizos desta tipoloxía.

Adicionalmente, a Consellería de Política Social promove a prestación deste tipo de servizos de atención temperá mediante o financiamento de dúas liñas de actuación. Por unha banda ás entidades locais da CA de Galicia e, por outra, ás entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade .

É importante sinalar que no exercicio orzamentario 2019, para subvencionar o funcionamento de unidades de atención temperá , esta Consellería destina un orzamento de 1.950.000 euros, o cal permitirá a consolidación das 16 unidades existentes na actualidade e a posta en marcha



de novas unidades. Este orzamento representa un incremento do 17,67% con respecto ao destinado para esta finalidade na anualidade de 2018.

A Consellería de Política Social vai continuar ampliando o número de unidades de atención temperá dentro da Comunidade Autónoma, configurando este servizo como unha atención especializada e fomentando a accesibilidade na intervención, a través da creación de equipos itinerantes interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil, que garantan o acceso a servizos de atención temperá ás familias que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica.

Por outra banda, esta Consellería asume a simplificación dos procedementos e a redución das cargas administrativas para o cidadán como un obxectivo primordial e, nesta liña, continuase traballando cara a convocatoria do presente ano, ademais da implantación dun programa informático único para as distintas unidades de atención temperá.

En consecuencia, a Consellería de Política Social fai unha valoración moi positiva do funcionamento da Rede e aposta decididamente por melloralala e ampliála, tal e como o acredita o aumento orzamentario consignado para este exercicio.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47297
Data envío: 05/03/2019 14:26:44.277

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/03/2019 14:26:41

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33591** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o impulso pola Xunta de Galicia para a creación de novos equipos de valoración e orientación de discapacidade na provincia de Pontevedra, así como o incremento do número de postos de traballo dos ditos equipos”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería valora de xeito moi positivo o traballo desenvolto polos dez equipos de valoración creados ‘ex novo’ para a provincia de Pontevedra, xa que se o seu excelente rendemento permitiu paliar en gran medida a demora existente na valoración dos expedientes de discapacidade.

E por iso polo que esta Consellería non pode compartir as afirmacións vertidas na parte expositiva da citada pregunta, xa que segundo ao noso entender non responden á realidade.

En relación coa segunda cuestión formulada, relativa á creación de novos equipos EVO definitivos para a provincia de Pontevedra, compre salientar que por parte da Consellería se están a introducir modificacións estruturais no sistema de valoración que, ao noso entender, permitirán sen dúbida conquistar melloras máis que substanciais no mesmo, o que redundará, entre outros aspectos, nunha maior axilidade na tramitación dos expedientes de valoración pendentes.

Despois de rematar a implantación destas novas medidas adoptadas e unha vez feita a oportuna valoración sobre os resultados da aplicación das mesmas, será o momento axeitado para decidir acerca da necesidade da creación destes novos equipos de xeito definitivo, xa que é preciso configurar estes conforme a demanda existente, debendo terse en conta ademais o gasto que significaría a creación dos mesmos de xeito definitivo.

No que se refire ao novo modelo de solicitude de valoración, a Consellería unicamente pode



levar a cabo unha valoración positiva da mesma, xa que non só resulta máis fácil de cumprimentar, senón que tamén permite que os/as usuarios/as non se vexan obrigados a aportar de novo documentación que xa obra en poder da Administración.

Finalmente, o convenio asinado cos profesionais do Sergas resultou ser un instrumento eficaz para solventar o atraso existente na tramitación das solicitudes de valoración, constatándose tamén mediante o correspondente estudio comparativo, como non podería ser doutro xeito, unha total unidade de criterios entre os utilizados polos profesionais do Sergas e os aplicados polos propios profesionais dos equipos de valoración da Consellería de Política Social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:54:19
Nº Rexistro: 47223
Data envío: 04/03/2019 13:54:19.550

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/03/2019 13:54:15

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **33671**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao sobre, “**a posta en marcha pola Xunta de Galicia dos centros residenciais de maiores e dependentes en Galicia**”, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta medida nada ten que ver con ningún tipo de informe. O procedemento administrativo de elaboración da normativa reguladora deste servizo comenzouse evidentemente con anterioridade a data á que se refire a pregunta.

A Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, foi publicada no DOG núm. 171 do venres 7 de setembro de 2018.

A casa do maior, como fórmula destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida, ofrecerá unha atención integral e personalizada a persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II, respectivamente, a cal comprenderá a atención específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e tempo libre, de tal modo que se procure o seu mantemento no medio social habitual evitando o internamento en institucións cando isto non sexa o desexado ou cando non existan preto do seu domicilio habitual. A este respecto deseñárase e organizárase un ambiente e trato familiar no que se dea resposta ás necesidades derivadas da idade e da situación de dependencia da persoa usuaria.

Este proxecto piloto desenvolverase, con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna e de luns a venres durante todo o ano, excepto os días festivos e un mes de cada doce, no que a casa do maior permanecerá pechada por vacacións.

Salvo as excepcións previstas no punto anterior, o proxecto debe manterse en funcionamento.



Ininterrompidamente durante todo o ano, polo que é necesario contar cunha persoa que substitúa a titular no caso de enfermidade ou algunha situación de emerxencia.

A atención prestada comprenderá a manutención, a hixiene, o desenvolvemento de actividades de lecer e/ou adestramento cognitivo.

Os maiores poderán acudir ao centro un máximo de oito horas diarias nun horario flexible que se pactará co/coa profesional que desenvolva o proxecto piloto. En función deste, servirase a comida, o almorzo e/ou a merenda, segundo proceda.

Cada casa do maior terá un máximo de cinco prazas.

As persoas maiores que acudan á casa do maior deberán estar en todo caso empadroadas no concello en que esta se situase ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención ás persoas maiores de acordo co establecido no artigo 1 da orde.

Para acceder ao financiamento previsto é necesario que se atenda a un mínimo de dous maiores, número mínimo que non poderá reducirse.

A axuda polo desenvolvemento do proxecto piloto consiste nunha achega económica de 19.600 € en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora e 15.000 € para gastos de investimento, sen que exista ningunha cantidade específica para gastos de salario, posto que o traballo é desenvolvido ou ben por autónomos ou por cooperativas de traballo asociado.

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas (Artigo 25. Control e verificación).

E dentro das Obrigas das persoas beneficiarias (Artigo 20):

- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Deberán igualmente conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control de acordo coa lexislación vixente.






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47170
Data envío: 04/03/2019 09:20:31.346



- Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

- Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Xunta de Galicia ten avaliadas todas as prazas nas diferentes Xefaturas Territoriais as cales correspóndelle a asignación de prazas vacantes en cada momento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47170
Data envío: 04/03/2019 09:20:31.346

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/03/2019 9:20:27

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 33779, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**a convocatoria para a creación das casas do maior**”, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, foi publicada no DOG Núm. 171 do venres 7 de setembro de 2018.

Esta orde de convocatoria dirixese a apoiar a posta en marcha dunha experiencia piloto nos concellos de Galicia cunha poboación menor de 5.000 habitantes, dando preferencia a aqueles en que non existan recursos de atención a persoas maiores, destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida, ofrecendo unha atención integral e personalizada a persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II.

As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100 % dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa do maior de 15.000 euros. Consideraranse como elixibles aqueles gastos, en que o promotor incorra para a reforma e adaptación da vivenda destinada a servir de casa do maior, así como o seu equipamento e dotación material sempre que sexan necesarios.

As condicións das vivendas pasan por contar cun inmovible ou dispor del con anterioridade á posta en marcha desta experiencia piloto, en condicións de accesibilidade. O citado inmovible estará dotado do seguintes recursos:



1º. Sistema de calefacción que cubra todas as estadias dedicadas ao desenvolvemento da actividade subvencionada e conte coa protección de elementos calefactores precisa para evitar as queimaduras por contacto ou outros riscos para a integridade dos maiores.

2º. Sistema de iluminación adecuado.

3º. Unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos dotada cos elementos necesarios para prestar o servizo de manutención.

4º. Unha zona de comedor habilitada para o efecto.

5º. Unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene:

Contará cunha sala de estar para a realización de actividades individuais ou grupais que posibilite a convivencia e integración social. A súa superficie nunca será inferior a 12,5 metros e deberá dispor de iluminación e ventilación natural.

Contará como mínimo con dous servizos hixiénicos diferenciados, un para cada sexo.

Deberán estar dotados de axudas en paredes e sanitarios, así como timbre de chamada con conexión ás zonas comúns. O chan será antiescorregadizo e de fácil limpeza e as portas terán un dispositivo fácil de peche e apertura, de forma que sexa totalmente accesible.

Ambas as zonas deberán estar situadas preferiblemente na planta baixa ou primeira con fácil acceso ao exterior e ser totalmente accesibles.

6º. Barras, axudas e timbre.

7º. As zonas de acceso adecuaranse tanto ao transporte adaptado como aos usuarios en cadeiras de rodas.

8º. Un mobiliario e equipamento que permita a cobertura das necesidades específicas das persoas maiores usuarias, adecuándose ás súas características.

9º. Dispor dun plan de actuación cos maiores para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa do maior.





Poderán ser beneficiarias destas axudas para pór en marcha unha casa do maior as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou contar, polo menos, cunha persoa socia que o estea, no caso de cooperativas de traballo asociado, de calquera das titulacións que se recollen a continuación, ou equivalentes, ou da formación ou experiencia seguinte:

1º. Grao en Medicina.

2º. Grao en Enfermaría.

3º. Título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico Auxiliar de Clínica, técnico Auxiliar de Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermaría, que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

4º. Título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

5º. Título de técnico superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico superior en Integración Social, establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do presente acordo, estean traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.

6º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

7º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto



331/1997, do 7 de marzo ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

8º. Diploma que acredite a realización de cursos de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior. O curso ten unha duración de 30 horas impartido dende o día 08.02.2019 pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

b) Residir en concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes de acordo co previsto no artigo 1 da orde ou telo feito nos cinco anos anteriores á posta en marcha da experiencia piloto.

A axuda polo desenvolvemento do proxecto piloto consistirá nunha achega económica de 19.600 € en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora, que se liquidará nos termos previstos no artigo 24 desta orde.

Este importe, que se percibirá anualmente, minorarase proporcionalmente no ano 2018 en función dos meses efectivos de desenvolvemento.

Adicionalmente, no caso de que as persoas usuarias da casa do maior fagan uso do servizo de mantención, os beneficiarios das axudas desta orde percibirán un máximo de 100 euros mensuais para un período mensual de 20 días a razón dun máximo de 5 € por persoa e día, sempre que se efectuase un servizo completo.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 13:23:04
Nº Rexistro: 47086
Data envío: 28/02/2019 13:23:04.521

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2019 13:23:01

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **33909**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**a valoración pola Xunta de Galicia da aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**”, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal é unha prioridade máxima na actuación do Goberno galego, sendo constante o esforzo realizado pola Xunta de Galicia para acadar unha cada vez máis e mellor atención ás persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade e que requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria. Este traballo continuado permitiu situar a Galicia nun lugar destacado dentro do conxunto de España, tendo unha das mellores proporcións entre prestacións/persoas en situación de dependencia, segundo datos oficiais publicados polo propio IMSERSO.

Así, o número de persoas dependentes atendidas cunha prestación ou cun servizo público pasou de 14.000 a finais do ano 2008 a máis de 60.000 a 31/12/2018, percibindo estas 70.220 prestacións, que se distribúen do seguinte xeito:

- Servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal: 4.758 prestacións (6,78%)
- Servizo de teleasistencia: 5.268 prestacións (7,50%)



- Servizo de axuda a domicilio: 23.309 prestacións (33,19 %)
- Centros de día/noite: 7. 173 prestacións (10.21%)
- Servizo de atención residencial: 8.516 prestacións (12,13%)
- Libranzas vinculados ao servizo: 8.132 prestacións (11,58%)
- Libranza para coidados no contorno familiar: 12.953 prestacións (18,45%)
- Libranza de asistencia persoal: 111 prestacións (0,16%)

En definitiva, aínda que a conxuntura socio-económico derivada da crise financeira vivida nos últimos anos non facilitou o desenvolvemento desexado, a Xunta de Galicia levou a cabo actuacións e esforzos orzamentarios para continuar traballando a favor das persoas en situación de dependencia co fin de promover a súa autonomía persoal.

De todos os xeitos, a Xunta de Galicia nin quere nin pode conformarse e, por conseguinte, continuará nos vindeiros anos traballando incansablemente por mellorar este sistema.

Nesta liña, a Xunta de Galicia promoverá para o presente ano (con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma) un incremento do 10% na libranza de coidados no contorno familiar, do 15% na libranza de asistencia persoal e aumentará nun 20% (para os graos I e III) e nun 75% (para o grao II) a libranza vinculada ao servizo de atención residencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:31:00
Nº Rexistro: 47437
Data envío: 07/03/2019 13:31:00.598

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2019 13:30:54

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 13:22:37
Nº Rexistro: 47084

Data envío: 28/02/2019 13:22:37.277

Data 28/02/2019 13:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33929**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a previsión da construción da residencia de maiores de Ourense**”, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña, se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas. Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



No caso de Ourense, acollerá unha residencia nas Lagoas. A ela destinaranse 6 millóns de euros para 120 novas prazas e permitirá crear 75 empregos.

A día de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten como data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 13:22:37
Nº Rexistro: 47084
Data envío: 28/02/2019 13:22:37.277

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2019 13:22:18

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34780**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a posibilidade de renunciar á valoración dos factores sociais no procedemento de valoración do grao de discapacidade en Galicia”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social non pode estar conforme coas afirmacións vertidas, posto que consideramos que a valoración dos factores sociais ten que ser optativa para os propios solicitantes. Unha decisión contraria adoptada pola Administración obrigando a tal valoración, suporía impedir ao administrado exercer o seu dereito a elixir si quere ou non someterse a tal valoración. Esta decisión vén motivada polas numerosas queixas e reclamacións presentadas polos interesados.

Polo tanto, non podemos compartir a opinión de que mediante o proceder actual da valoración da discapacidade se pretenda axilizar ningún tipo de prazo. Por parte da Xunta de Galicia explícase pormenorizadamente aos usuarios do sistema todos os aspectos referidos ao mesmo, respectando a opción do solicitante a que se avalíen ou non estes factores sociais, unha vez existe a constancia de que a persoa con discapacidade entendeu as consecuencias que implica a renuncia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 17:16:01
Nº Rexistro: 47473
Data envío: 07/03/2019 17:16:01.458

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2019 17:15:36

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **35227**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, “**as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión**”, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As obras da Residencia de Baleira foron executadas pola Xunta de Galicia. Posteriormente ese centro foi adscrito ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en agosto de 2016 para a súa xestión e posta en funcionamento.

Para o seu equipamento se incluíu no orzamento de 2017 o correspondente financiamento necesario para proceder á licitación do mesmo, que se publicou no DOG do 12-4-2017, e que se rematou nese ano.

As prazas do centro de maiores de Baleira serán públicas e incluídas na rede de centros que xestiona o Consorcio. Este ente xestiona unha parte dos seus centros de atención a persoas maiores con persoal propio e outra parte mediante xestión externalizada. O Consorcio garante a mesma calidade no funcionamento e nos servizos que se prestan nos seus centros, con independencia de que o centro se xestione en calquera das dúas fórmulas, manténdose en calquera caso o carácter público das súas prazas e o mesmos requisitos de acceso.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47169
Data envío: 04/03/2019 09:20:21.080

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/03/2019 9:20:17

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38338**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns da demora existente na resolución das solicitudes da axuda da Tarxeta Benvida, as previsións do Goberno galego respecto da autorización do uso desta tarxeta no comercio electrónico e o prazo estimado para solucionar as dificultades de acceso a ela que padecen as persoas inmigrantes en situación de irregularidade administrativa”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As sucesivas convocatorias da axuda da Tarxeta Benvida prevén un prazo de resolución que, con carácter xeral se cumpriu. Sí que se pode tardar efectivamente máis cando se require a subsanación de documentación necesaria para resolver, o cal non significa en ningún caso incumprimento dos prazos establecidos, que en todo caso son necesarios para realizar a tramitación administrativa que a concesión de calquera axuda pública leva aparellada.

A convocatoria actualmente en vigor, regulada a través da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2019 e se procede á súa convocatoria (DOG do 31 de decembro), establece a posibilidade de presentar a solicitude durante a xestación do fillo/a precisamente coa vontade de axilizar ao máximo o momento no que as familias que cumpran os requisitos poidan beneficiarse da axuda.



A Administración non descoñece os prazos de aboamento das súas propias axudas. Agora ben, a Consellería de Política Social sí que descoñece o día exacto de pagamento, que o realiza o Tesouro e non parece eficiente nin oportuno remitir centos de consultas á semana a esta unidade respecto do día concreto de pagamento, que, se insiste, estase a realizar con carácter xeral dentro do prazo establecido.

Actualmente a Tarxeta Benvida xa inclúe a consideración das unidades familiares na que un dos membros da parella está en situación irregular, permitindo o seu acceso á axuda. Tamén se lle está a dar acceso a ela ás mulleres en situación irregular vítimas de violencia de xénero.

En canto ao uso en comercio electrónico neste momento non está previsto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47095
Data envío: 28/02/2019 16:01:36.035

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2019 16:01:12

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38785** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da Rede galega de Atención Temperá, a súa opinión en relación coa suficiencia do seu grado de cobertura actual e as súas previsións referidas ao incremento da dotación orzamentaria destinada a ese fin, así como o prazo estimado para o desenvolvemento do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, de creación desa rede e as medidas que vai pór en marcha para reducir os trámites administrativos para a concesión desa prestación”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os servizos de atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia están configurados como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal rexido polos principios reitores de igualdade, atención personalizada, diálogo e participación familiar, entre outros.

Integran a Rede galega de atención temperá creada polo Decreto 183/2013 todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, ben sexan xestionados de xeito directo ou indirectamente a través de entidades de iniciativa social.

Actualmente a Rede galega de atención temperá está composta por recursos a nivel municipal e no ámbito autonómico por recursos educativos, a través de equipos de orientación específicos (EOE) da Consellería de Educación e as unidades adscritas ao Sergas situadas dentro dos distintos complexos hospitalarios, así como as numerosas entidades subvencionadas por esta Consellería que prestan servizos desta tipoloxía.

Adicionalmente, a Consellería de Política Social promove a prestación deste tipo de servizos de atención temperá mediante o financiamento de dúas liñas de actuación. Por unha banda ás entidades locais da CA de Galicia e, por outra, ás entidades de iniciativa social do ámbito da



discapacidade .

É importante sinalar que no exercicio orzamentario 2019, para subvencionar o funcionamento de unidades de atención temperá , esta Consellería destina un orzamento de 1.950.000 euros, o cal permitirá a consolidación das 16 unidades existentes na actualidade e a posta en marcha de novas unidades. Este orzamento representa un incremento do 17,67% con respecto ao destinado para esta finalidade na anualidade de 2018.

A Consellería de Política Social vai continuar ampliando o número de unidades de atención temperá dentro da Comunidade Autónoma, configurando este servizo como unha atención especializada e fomentando a accesibilidade na intervención, a través da creación de equipos itinerantes interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil, que garantan o acceso a servizos de atención temperá ás familias que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica.

Por outra banda, esta Consellería asume a simplificación dos procedementos e a redución das cargas administrativas para o cidadán como un obxectivo primordial e, nesta liña, continuase traballando cara a convocatoria do presente ano, ademais da implantación dun programa informático único para as distintas unidades de atención temperá.

En consecuencia, a Consellería de Política Social fai unha valoración moi positiva do funcionamento da Rede e aposta decididamente por melloralala e ampliála, tal e como o acredita o aumento orzamentario consignado para este exercicio.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47296
Data envío: 05/03/2019 14:26:36.432

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/03/2019 14:26:19

CSV: 213FPH5FW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **40553**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego das condicións nas que están a desenvolver o seu traballo as persoas profesionais dos equipos de valoración da discapacidade do norte da provincia de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da reparación das carencias e deficiencias que presenta o edificio da Consellería de Sanidade onde se atopan”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Equipo de Valoración e Orientación de Pontevedra está situado dende hai anos no edificio administrativo da Avda. de Vigo, 16 (planta baixa).

Trátase do antigo edificio de Sanidade en Pontevedra pero na actualidade é un inmovible pertencente á Patrimonio da Xunta de Galicia que comparten distintas consellerías e organismos.

Precisamente debido a esta situación confusa sobre a titularidade e especialmente sobre o mantemento e os gastos que xera, o pasado ano 2018, levouse a cabo unha reunión entre as diversas Administracións con dependencias neste edificio para subscribir un acordo conxunto sobre o reparto dos gastos.



Toda vez que o SERGAS (EOXI de PONTEVEDRA) ten a maior porcentaxe de participación no edificio, acordouse que sería este organismo o encargado do mantemento do mesmo, repercutindo logo a cada un dos outros escribentes a súa cota correspondente.

Por parte da Consellería de Vicepresidencia, levouse a cabo o cambio das caldeiras de gasóleo por outra de gas. Nese edificio non hai problemas co sistema de calefacción, nin antes coa caldeira de gasóleo nin hoxe en día coa de gas.

Dende o pasado mes de xaneiro entrou en funcionamento o ascensor que comunica as tres plantas do edificio, aínda que as instalacións do EVO están situadas na planta baixa.

A limpeza é un dos servizos que depende do SERGAS e efectivamente hai queixas por parte do persoal do EVO, aínda que as instalacións están en perfectas condicións de uso.

En canto ao mobiliario propio do EVO, a xefatura territorial de Política Social faise cargo do mesmo, sempre que as posibilidades orzamentarias no capítulo VI o permitan. Gran parte do mobiliario está renovado cunha antigüidade inferior aos 10-15 anos, e este mesmo ano foron renovadas 4 cadeiras do persoal, estando prevista outra renovación parcial ao longo do 2019.

No ano 2017 realizouse unha renovación da iluminación do espazo exterior, especialmente na zona onde se sitúa o PEF que presta servizo os fins de semana.

O edificio dispón de acceso adaptado para cadeiras de rodas.

No ano 2017, levouse a cabo dende a xefatura territorial a reforma dos servizos do EVO.

No ano 2017 reforzouse o espazo do arquivo coa adquisición de novos andeis, utilizando o espazo que deixou baleiro recentemente a Consellería de Facenda.

No ano 2017 modernizouse o sistema de iluminación dos arquivos instalando temporizadores co fin de reducir o consumo eléctrico.

En relación ás cadeiras de rodas, trátase de cadeiras de rodas cedidas polo SERGAS. Neste momento hai dúas, unha das cales detectouse que era bastante antiga e estaba deteriorada. Falado co SERGAS, renovou as dúas cadeiras por outras en perfectas condicións de uso.



A principios do ano 2018 propúxose ao persoal destas dependencias o traslado ao local situado na rúa Cruz Vermella, onde estaba antigamente o EVO. Este cambio foi rexeitado polo persoal ao considerar que non cumpría coas necesidades do servizo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2019 11:11:27





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **41675**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa porcentaxe de poboación potencialmente dependente atendida na actualidade en Galicia, as súas razóns para reducir o gasto por persoa dependente nos últimos anos e as súas previsións respecto do seu incremento na X lexislatura”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta parlamentaria formulada dá por sentadas algunhas premisas que non podemos compartir.

Así, a atención ás persoas en situación de dependencia é unha prioridade máxima na actuación do Goberno galego. Non é esta unha afirmación retórica senón que resulta contrastada polas cifras.

Así, o número de persoas dependentes atendidas cunha prestación ou cun servizo público pasou de 14.000 a finais do ano 2008 a máis de 60.000 a 31/12/2018, percibindo estas 70.220 prestacións, que se distribúen do seguinte xeito:

- Servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal: 4.758 prestacións (6,78%)



- Servizo de teleasistencia: 5.268 prestacións (7,50%)
- Servizo de axuda a domicilio: 23.309 prestacións (33,19 %)
- Centros de día/noite: 7. 173 prestacións (10.21%)
- Servizo de atención residencial: 8.516 prestacións (12,13%)
- Libranzas vinculados ao servizo: 8.132 prestacións (11,58%)
- Libranza para coidados no contorno familiar: 12.953 prestacións (18,45%)
- Libranza de asistencia persoal: 111 prestacións (0,16%)

A Xunta de Galicia, entre as súas políticas de atención á dependencia, fixo unha aposta clara e decidida polos servizos profesionais de proximidade ou no domicilio que posibiliten ás persoas en situación de dependencia continuar na súa contorna habitual. Boa proba disto é, por exemplo, o servizo de axuda no fogar, que se multiplicou na última década en 5,61 veces, pasando de 4.156 persoas atendidas polo sistema a 23.309 a 31/12/2018.

Envellecer e vivir na casa é a fórmula preferida polas persoas maiores, pola poboación en xeral e polos/as coidadores/as familiares. As recomendacións dos expertos e dos Organismos Internacionais defenden tamén a priorización nos sistemas de atención daqueles recursos que permiten facer efectiva esta opción. En consonancia co anterior, todos os países avanzados que teñen en marcha sistemas de protección da dependencia priman nas súas políticas o desenvolvemento dun conxunto de prestacións e servizos de proximidade, nos que a atención no fogar é o eixo.

O anterior non impide, como é obvio, que tamén se redobre o esforzo en manter e mellorar a rede de residencias existentes. Así, mediante o Plan 'Como na casa', está previsto construír nas sete grandes cidades máis de 900 prazas que permitirán a creación de polo menos 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de inversión. Deste xeito, mentres que en Vigo e A Coruña se crearán equipamentos de 150 prazas en cada cidade, en Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo cada unha das novas residencias estarán dotadas con 120 prazas. O concurso de ideas arquitectónicas correspondente a estas residencias tivo como data límite de presentación das propostas o día 28 de Febreiro, e serán os proxectos finalmente elixidos e os seus prazos de edificación os que determinen



o financiamento necesario que se consignará oportunamente nos correspondentes orzamentos.

Polo tanto, é crecente e constante o esforzo realizado pola Xunta de Galicia para acadar máis e mellor atención ás persoas con dependencia. Proba disto foi o incremento da achega realizada pola Comunidade Autónoma para financiar os custos do sistema, acadando no ano 2017 o 75,31%, aportando o Estado a porcentaxe restante.

Este traballo continuado permitiu situar a Galicia nun lugar destacado dentro do conxunto de España.

Porén, este Goberno nin quere nin pode conformarse e, por conseguinte, continuará nos vindeiros anos traballando incansablemente por mellorar este sistema.

Nesta liña, a Xunta de Galicia promoverá con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o presente ano o incremento dun 10% da libranza de coidados no contorno familiar, do 15% para a libranza de asistencia persoal e aumentará nun 20% (para os graos I e III) e nun 75% (para o grao II) a libranza vinculada ao servizo de atención residencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:17:46
Nº Rexistro: 47425
Data envío: 07/03/2019 13:17:46.207

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2019 13:17:15

CSV: 2i3FPH5fW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

